

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 24 de xaneiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 60218 (10/POC-009355)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para evitar a reiteración das avarías e fallos nas redes de telefonía e conexións á internet que se veñen producindo en zonas do rural galego nos últimos meses, así como os datos referidos ás incidencias acaecidas nos últimos cinco meses
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020
- 1.2 60408 (10/POC-009378)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel
Sobre os traballos realizados pola Xunta de Galicia encamiñados á recuperación e promoción da galiña piñeira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020
- 1.3 60441 (10/POC-009398)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 6 máis
Sobre o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020
- 1.4 60461 (10/POC-009407)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Salgado, Carlos e 5 máis
Sobre a cantidade de pataca, amparada pola Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia, recollida na campaña 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020
- 1.5 60496 (10/POC-009417)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Vilar Chento, Óscar
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da limpeza das franxas de xestión de biomasa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020



- 1.6 60889 (10/POC-009568)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre cando tivo coñecemento o Goberno galego da existencia de balsas no Concello de Sobrado dos Monxes, si fai o seguimento e as inspeccións necesarias nas empresas que tratan e transforman os lodos de depuración, dixestatos e outros refugallos en fertilizantes para asegurar a saúde de persoas e animais, as medidas que se teñen tomado respecto do aparecido en agosto de 2019 en dito Concello así como as accións que pensa levar a cabo respecto dos responsables das irregularidades detectadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 588, do 13.01.2020
- 1.7 60920 (10/POC-009581)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre os factores que explican o fracaso das políticas de mobilidade de terras do Goberno galego, por que considera que non se acadaron os obxectivos da Mellora da estrutura agraria de Galicia así como o motivo que explica que a día de hoxe Galicia non conte cun mapa de solos de aptitude agronómica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 588, do 13.01.2020
- 1.8 61004 (10/POC-009618)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David
Sobre os efectivos que se dispuxeron para a extinción do incendio ocorrido o día 1 de xaneiro na parroquia de San Salvador do Mao, no concello do Incio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 588, do 13.01.2020

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión

Daniel
Vega Pérez

Firmado digitalmente por
Daniel Vega Pérez
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Daniel Vega Pérez,
email=daniel.vega.perez@parl
amentodegalicia.gal
Fecha: 2020.01.20 16:43:40
+01'00'





Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 20/01/2020 16:43:40



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidenta	
Rosa Oubiña Solla	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Marcos Cal Ogando	GCE
Jackeline Elizabeth Fernández Macías	P
Carlos Gómez Salgado	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	M
Óscar Vilar Chento	S

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 24.01.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 60218(10/POC-009355)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para evitar a reiteración das avarías e fallos nas redes de telefonía e conexións á internet que se veñen producindo en zonas do rural galego nos últimos meses, así como os datos referidos ás incidencias acaecidas nos últimos cinco meses

Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2019 17:46:06
Nº Rexistro: 60218
Data envío: 18/12/2019 17:46:06.259

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os fallos en telefonía fixa e móbil e nas conexións a internet en zonas do rural galego son frecuentes e continuados nos últimos meses.

Pero o máis grave aínda é que as compañías que ofrecen estes servizos non se poñen os medios adecuados para que esta desatención pase a ser anecdótica.

Aínda máis, cando un usuario afectado fai a reclamación correspondente a un fallo no servizo que ten contratado respóndeselle con boas palabras pero a reposición do servizo demórase días.

Estamos falando de servizos de comunicación que se volveron esenciais para a vida decotío no rural. Mais se falamos de vida e actividade laboral, estas incidencias convértense en impedimentos serios para o normal desenvolvemento da economía e da actividade laboral de traballadores/as e empresas, que no rural tamén hai de momento.

Algunhas das empresas mandan subcontratas que concertan citas que logo van adiando ata o desespero, ademais non sempre é sinxelo chamar a teléfonos de contacto aos que nunca respontan, e que cando o fan son constantes as evasivas e inconcrecións.

CSM-REXISTROXV3CHKMu1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2019 17:46:06
Nº Rexistro: 60218
Data envío: 18/12/2019 17:46:06.259

E despois de todas as xestións e molestias xeradas as indemnizacións son cativas, e o servizo segue con continuos fallos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

--Sabe o goberno galego das avarías e fallos nas redes de telefonía e conexións a internet en zonas do rural nestes últimos meses?

--Que medidas tomou o goberno galego para evita-la reiteración destas avarías?

--Cales foron as incidencias acaecidas nos últimos cinco meses, zonas e número de persoas afectadas, demoras na subsanación e medidas adoptadas coas compañías responsables?

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2019 17:46:06
Nº Registro: 60218
Data envío: 18/12/2019 17:46:06.259

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/12/2019 17:37:39

Xosé Luis Bará Torres na data 18/12/2019 17:37:47

Noa Presas Bergantiños na data 18/12/2019 17:37:55

Olalla Rodil Fernández na data 18/12/2019 17:38:26

Ana Pontón Mondelo na data 18/12/2019 17:38:37

María Montserrat Prado Cores na data 18/12/2019 17:38:48

CSV REGISTRO: xv3QhKtMUr
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 60408(10/POC-009378)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os traballos realizados pola Xunta de Galicia
encamiñados á recuperación e promoción da galiña piñeira

Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020



Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A galiña piñeira, xunto coa galiña de Mos, é unha das galiñas máis antigas da Península Ibérica. Unha das aves galegas con máis historia. Unha raza que a comezos deste século estivo a piques de desaparecer. A situación, por aquel entón, limitaba os exemplares desta galiña a pouco máis dun cento localizados, case todos eles, en galiñeiros do interior galego.

Hoxe, pasadas case que dúas décadas, esta raza segue nun serio estado de perigo de extinción. Unha extinción que, polo de agora, non chegou a materializarse grazas ao esforzo e traballo de recuperación e investigación realizado, dunha maneira participativa, tanto pola Asociación Galega para a Recuperación, Defensa e Produción da Galiña Piñeira (Agalpi), como pola Fundación para o Avance Científico da Veterinaria en Galicia (Acivega).

Un traballo de recuperación que nace anos atrás pola iniciativa do veterinario Xesús García, e que na actualidade se segue a manter por parte de Agalpi, e, tamén, polo conxunto de produtores e criadores desta raza.

Un labor de recuperación e investigación, que nestes intres centra os seus obxectivos, para que esta raza teña o seu propio libro xenealóxico e patrón de raza onde queden ben diferenciadas as súas distintas variedades. Para que, logo despois, a Administración recoñeza a galiña piñeira como unha raza autóctona de Galicia en perigo de extinción.

Tarefas, todas elas, que precisan dun traballo de colaboración, investigación e apoio por parte da Xunta de Galicia a través do Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia (CRZG), dependente da Consellería do Medio Rural.

Ante estes feitos, é necesario elaborar un programa de conservación que teña como obxecto garantir a conservación desta raza evitando a súa extinción e, co fin de aumentar o seu censo.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2019 13:39:29
Nº Registro: 60408
Data envío: 23/12/2019 13:39:29.842

1ª) Que traballo ten elaborado a Xunta de Galicia para recuperar e promocionar unha das razas máis antigas da Península Ibérica como é a galiña piñeira?

2ª) Considera, a Xunta de Galicia, que esta raza de galiña é unha raza autóctona de Galicia?

3ª) A Xunta de Galicia, ten programado elaborar un plan de traballo para recuperar e mellorar esta raza? Se for o caso, cal é a planificación programada? Terá en conta todo o traballo realizado ata o de agora?

4ª) Valora a Xunta de Galicia recoñecer a galiña piñeira como raza autóctona galega?

Pazo do Parlamento, 23 de decembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Encarnación Liñeiro Pouso na data 23/12/2019 13:02:08

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/12/2019 13:02:21

CSV REGISTRO DTD:hd0ONS
Verificar
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 60441(10/POC-009398)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao

Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2019 10:45:16
Nº Rexistro: 60441
Data envío: 26/12/2019 10:45:16.652

A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jackeline Fernández Macías e Rosa Oubiña Solla, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que nas explotacións de Galicia ten unha vital importancia a xenética para seguir avanzando e mellorando a cabana gandeira da nosa comunidade. Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que nas explotacións de Galicia ten unha vital importancia a xenética para seguir avanzando e mellorando a cabana gandeira da nosa Comunidade.

Así, os programas de mellora e selección de gando son imprescindibles para unha gandería moderna, eficiente e competitiva. Cremos que é necesario que desde a Xunta de Galicia se continúe a apoiar ao sector leiteiro galego e que se prosiga coa aposta polos gandeiros galego, para facelos máis competitivo e rendibles nun mercado cada vez máis esixente. Así, os programas de mellora e selección de gando son imprescindibles para unha gandería moderna, eficiente e competitiva. Cremos que é necesario que desde a Xunta de Galicia se continúe a apoiar ao sector leiteiro galego e que se prosiga coa aposta polos gandeiros galego, para facelos máis competitivo e rendibles nun mercado cada vez máis esixente.

Neste senso, Xenética Fontao S.A. é unha empresa pública participada pola Xunta de Galicia e polas asociacións de gandeiros Febriga (Federación Frisona Galega) e Acruga (Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto da Raza Rubia Galega). Trátase dun actor fundamental na mellora xenética gandeira de Galicia a través da xestión do centro de sementais, do banco de xermoplasma e mediante a prestación de servizos ao sector agrogandeiro de analítica molecular utilizando a biotecnoloxía do ADN e novas tecnoloxías reprodutivas como a fecundación in vitro.

Ademais, Xenética Fontao realiza proxectos de innovación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica de grande importancia no sector.

CSM-REXISTROUJIS7vqk1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2019 10:45:16
Nº Registro: 60441
Data envío: 26/12/2019 10:45:16.652

Así, o Consello da Xunta ven de autorizar a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao para continuar co desenvolvemento do Programa de mellora xenética do gando frisón en Galicia no período 2019-2022.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Qué importancia ten a mellora xenética no sector lácteo?
- 2.- Cal é o obxecto deste novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao?
- 3.- Que dotación orzamentaria ten este convenio de colaboración?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 20/12/2019 13:59:42

Moisés Blanco Paradelo na data 20/12/2019 13:59:56

Jesús Miguel Prado Patiño na data 20/12/2019 14:00:12

Raquel Arias Rodríguez na data 20/12/2019 14:00:20

Carlos Gómez Salgado na data 20/12/2019 14:00:39

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 20/12/2019 14:00:52

Rosa Oubiña Solla na data 20/12/2019 14:00:59



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 60461(10/POC-009407)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e 5 máis

Sobre a cantidade de pataca, amparada pola Indicación
Xeográfica Protexida Pataca de Galicia, recollida na campaña
2019

Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020

A Mesa do Parlamento

Carlos Gómez Salgado, Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Jackeline E. Fernández Macías e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Galicia conta coa denominación de orixe Pataca de Galicia, que representa e regula o estándar de calidade e a excelencia da variedade kennebec que se produce na nosa Comunidade Autónoma, estando amparada a súa produción pola Indicación Xeográfica Protexida (IXP).

A Comarca da Limia, na provincia de Ourense, é onde radica a maior produción, cun 85%, da Pataca Galega de Calidade, amparada pola IXP.

Vimos de pasar un ano marcado polas condicións climatolóxicas adversas, realizándose a sementación meses despois do habitual debido ás inundacións que sufriron algunhas fincas durante a primavera e como consecuencia da recollida tardía do tubérculo.

Na actualidade, os datos que se están obtendo na campaña 2019, indican que a superficie sementada de pataca con selo da IXP experimentou un notable incremento subindo ata as 300 hectáreas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal foi a cantidade de pataca, amparada pola Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia, recollida na campaña 2019?
- 2.- Cal foi a evolución e os rendementos da IXP respecto das colleitas e a comercialización dos últimos anos?
- 3.- Como valora o Goberno galego o incremento de superficie sementada de Pataca de Galicia?
- 4.- Que apoios desenvolve o Goberno galego na súa aposta polo impulso deste e doutros produtos de calidade diferenciada?





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2019 11:00:06
Nº Rexistro: 60461
Data envío: 26/12/2019 11:00:06.923**

Santiago de Compostela, 26 de diciembre de 2019

Asinado dixitalmente por:

Carlos Gómez Salgado na data 20/12/2019 14:52:36

Rosa Oubiña Solla na data 20/12/2019 14:52:49

Moisés Blanco Paradelo na data 20/12/2019 14:52:57

Jesús Miguel Prado Patiño na data 20/12/2019 14:53:12

Raquel Arias Rodríguez na data 20/12/2019 14:53:21

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 20/12/2019 14:53:40

Daniel Vega Pérez na data 20/12/2019 14:53:53



CSV: REXISTROXVrumsaA9

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 60496(10/POC-009417)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Vilar Chento, Óscar

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da limpeza das franxas de xestión de biomasa

Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Como consecuencia da vaga de incendios que tiveron lugar durante o ano 2017 no noso país producíronse graves danos materiais e lamentablemente tamén persoais, co que a Xunta de Galicia, con competencias en materia forestal, modificou a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a través da Lei 9/2017, de medidas fiscais e administrativas. Unha das principais novidades introducidas pola dita lei, foi a das franxas de xestión de biomasa e a obriga de mantelas limpas, especialmente as dos perímetros dos núcleos de poboación.

Correspóndelle aos concellos vixiar o cumprimento da normativa vixente en canto ao mantemento destas franxas de protección de incendios en solo rústico, urbanizable ou de núcleo rural; e a notificación dos correspondentes incumprimentos en canto ao seu mantemento. A Xunta de Galicia correspóndelle aplicar o procedemento sancionador establecido.

Tamén lle corresponde á Xunta de Galicia a competencia de vixiar o cumprimento das franxas de protección en torno ás vías de comunicación.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Que balance fai a Xunta de Galicia da limpeza das franxas de seguridade?
- 2ª) Cantas hectáreas teñen calculado no sistema de visor cartográfico da Xunta, para a xestión das franxas, que están afectadas por esta normativa?
- 3ª) En canto avalían o custe de mantemento anual da roza de todas esas hectáreas para as xentes do rural, por provincias?
- 4ª) Que porcentaxe de propiedade está aparecendo como de propietarios “descoñecidos” e cales van ser as medidas que teñen pensado para xestionar esas hectáreas no futuro?
- 5ª) Tiveron os concellos algún atranco para levar a cabo as instrucións que deu a Xunta de Galicia de como proceder á limpeza das franxas?





Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/12/2019 12:23:01

Oscar Vilar Chento na data 26/12/2019 12:23:19

CSX REXISTROHGFOezW9
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 60889(10/POC-009568)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre cando tivo coñecemento o Goberno galego da existencia de balsas no Concello de Sobrado dos Monxes, si fai o seguimento e as inspeccións necesarias nas empresas que tratan e transforman os lodos de depuración, dixestatos e outros refugallos en fertilizantes para asegurar a saúde de persoas e animais, as medidas que se teñen tomado respecto do aparecido en agosto de 2019 en dito Concello así como as accións que pensa levar a cabo respecto dos responsables das irregularidades detectadas

Publicación da iniciativa, 588, 13.01.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2020 10:11:59
Nº Rexistro: 60889
Data envío: 07/01/2020 10:11:59.338

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A fins de agosto do ano en curso, diferentes medios de comunicación escrita fixéronse eco por primeira vez do malestar dos veciños de Sobrado dos Monxes debido ás irregularidades no transporte, almacenamento e distribución de lodos de diferente procedencia así coma de partidas de produtos que pasan por seren fertilizantes pero que non cumpren con ningunha normativa legal.

Estes depósitos, moitos deles camuflados no entorno e dificilmente visibles, espallados polos montes dese concello non cumpren coas mínimas condicións esixidas e son utilizados coma almacenamento antes de ser repartido o seu contido coma suposto fertilizante entre algúns labregos, queremos supoñer ignorantes do perigo que entraña o seu uso.

Esta situación arrástrase no tempo desde hai xa anos constituíndo un grave perigo para o medioambiente e para a saúde alimentaria e humana.

Estes depósitos e estas prácticas danse a escasa distancia dos nacementos dos ríos Mandeo e Tambre, sendo o perigo maior cando as chuvias son copiosas en que as balsas rebosan e flúen ladeiras e regatos abaixo buscando o río principal.

CSM-REXISTRODUEZWSct1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csw/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 07/01/2020 10:11:59

Nº Rexistro: 60889

Data envío: 07/01/2020 10:11:59.338

É de destacar que toda esta serra, chamada Montes do Bocelo, é un espazo estratéxico para o futuro pola acumulación de acuíferos, por estar elevada e por tanto potencialmente fornecedora de auga potable ós concellos das súas estribacións (Melide, Boimorto, Vilasantar, Curtis, Guitiriz...)

O uso agrícola deste falso fertilizante supón ademais unha ameaza para o bo nome e calidade dos produtos agrogandeiros da zona e un risco futuro nas axudas agroambientais e da PAC polo alto contido en metais pesados que permanecen moito tempo nos solos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cando ten coñecemento o goberno galego da existencia destas balsas e destes usos contrarios ó medioambiente e ás boas practicas agrícolas?

-Fai o goberno galego o seguimento e as inspeccións necesarias nas empresas que tratan e teoricamente transforman os lodos de depuración, dixestatos e outros refugallos en fertilizantes para asegurar ós agricultores e á poboación en xeral a súa saúde e a dos seus animais e produtos?

-Que medidas tomou ata a data de hoxe a respecto do aparecido e intervido en Sobrado dos Monxes a fins do mes de agosto pasado?

- Que accións pensa desenvolver cos responsables das irregularidades detectadas nese municipio?

CSX4 REXISTROD06H025WS11
Verificado
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2020 10:11:59
Nº Registro: 60889
Data envío: 07/01/2020 10:11:59.338

-Entre as analíticas efectuadas están as microbiolóxicas que detectan se os lodos usados coma fertilizantes levaran tratamento ou non?

-Algunhas das balsas foron achandadas e cegadas en poucos días. Esta operación foi feita baixo a supervisión e control dos servizos de Medio Ambiente?

-Foron baleiradas dos lodos e demais residuos antes de ser feito o selado?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/01/2020 10:07:40

Xosé Luis Bará Torres na data 07/01/2020 10:07:51

CSX_FIEYJSTFR0dHUG2WS5d1
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2020 10:11:59
Nº Registro: 60889
Data envío: 07/01/2020 10:11:59.338

María Montserrat Prado Cores na data 07/01/2020 10:07:57

Olalla Rodil Fernández na data 07/01/2020 10:08:17

Ana Pontón Mondelo na data 07/01/2020 10:08:27

Noa Presas Bergantiños na data 07/01/2020 10:08:40

CSV XERXISTRODHDZWSd1
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 60920(10/POC-009581)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre os factores que explican o fracaso das políticas de mobilidade de terras do Goberno galego, por que considera que non se acadaron os obxectivos da Mellora da estrutura agraria de Galicia así como o motivo que explica que a día de hoxe Galicia non conte cun mapa de solos de aptitude agronómica

Publicación da iniciativa, 588, 13.01.2020

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2020 11:39:52
Nº Rexistro: 60920
Data envío: 07/01/2020 11:39:52.450

De feito Galicia perdeu un total de 3.383 explotacións entre 2013 e 2016, ao pasar de 78.377 a 74.994, unha baixada do 4,3% neste período, o que supón máis do dobre de caída que a media estatal (-2,1%), e redúcese o tamaño medio das explotacións.

O fracaso das políticas de ordenación do territorio e de mobilidade de terras supón unha eiva enorme para Galiza a nivel económico e ambiental. A nivel económico porque se perde un recurso moi valioso e a posibilidade de que as explotacións contén con máis terra e reduzan a súa dependencia dos insumos. A nivel ambiental porque o aproveitamento dos terreos con aptitudes agronómicas para a produción de alimentos sería fundamental para a loita contra os lumes e para diminuír a emisión de gases de efecto invernadoiro causados por un modelo insostible de desprazamentos quilométricos dos alimentos.

Sendo así isto, o fracaso das políticas da Xunta de Galicia nos últimos 30 anos é máis grave. E non serve a escusa da crise económica para xustificar tanta inoperancia, xa que hai medidas fundamentais que non teñen un custe significativo nos orzamentos do Goberno galego, e que non se implementaron.

Un exemplo claro é o de que a día de hoxe Galiza non conta cun Mapa de Solos de Galiza con aptitude agronómica, elemento indispensable para que as determinacións dos PXOMs garantan a súa conservación, e para que en función da súa aptitude se destinen a usos agrarios e non a reforestación ou urbanización.

A anémica aposta polo Banco de Terras e os escasos recursos dedicados ao seu funcionamento é outro dos moitos factores que explican a realidade actual.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2020 11:39:52
Nº Rexistro: 60920
Data envío: 07/01/2020 11:39:52.450

O anuncio dunha lei de mobilidade de terras de Galicia é o recoñecemento deste fracaso 4 anos despois da aprobación da Lei de Mellora de Estruturas Agrarias METAGA.

Esta lei foi anunciada como solución para que ningunha terra agraria estivese abandonada como declarou o mesmo Presidente da Xunta de Galicia.

Demóstrase unha vez máis que a publicación no DOG dunha lei non soluciona por si mesma un problema, senón a vontade política e a dotación de esforzos e recursos para tal fin.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Que factores explican o fracaso das políticas de mobilidade de terras do Goberno galego?
- 2) Por que considera que non se acadaron os obxectivos da METAGA?
- 3) Que é o que explica que a día de hoxe Galiza non conte cun mapa de solos de aptitude agronómica?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2020 11:39:52
Nº Rexistro: 60920
Data envío: 07/01/2020 11:39:52.450

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 07/01/2020 11:28:11

Marcos Cal Ogando na data 07/01/2020 11:28:19



CSV: REXISTRO:ROL6hZCsP2

Validado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 61004(10/POC-009618)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David

Sobre os efectivos que se dispuxeron para a extinción do incendio ocorrido o día 1 de xaneiro na parroquia de San Salvador do Mao, no concello do Incio

Publicación da iniciativa, 588, 13.01.2020



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7ª**.

O novo ano inaugurou a tempada de incendios. As anómalas temperaturas rexistradas e a emerxencia climática coas súas consecuencias están a demostrar teimudamente que os incendios xa non serán estacionais, senón que a calquera hora e día se poden producir, e con consecuencias desastrosas.

O día 1 ao escurecido, declarábase un incendio na parroquia de San Salvador do Mao, cerca de Teixeira, no concello do Incio, moi cerca do límite co concello de Samos. En total 29,8 hectáreas queimadas provisionalmente entre monte baixo e terreo arborado.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

1. Cantos efectivos había dispoñibles ese día que non estivesen en tempada vacacional?
2. Desde onde se desprazaron os efectivos que estiveron traballando na extinción?
3. Por que non se contratan os SPDCIF durante todo o ano para que poidan chegar máis rápido aos incendios e facer a prevención que establece o PLADIGA?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 61004
Data envío: 07/01/2020 14:07:04.537

Asdo: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 07/01/2020 14:06:37

CSX: REXISTROXERON:aj6scz09
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

